



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a los bloqueos indiscriminados de páginas web por La Liga y Movistar.**

Telefónica, a través de Movistar, y La Liga acaban de ganar, en marzo de este año, un nuevo litigio sobre el bloqueo masivo de páginas web para la protección de contenidos audiovisuales. Esta nueva resolución confirma otras resoluciones anteriores, algunas de ellas emitidas en 2022 en este mismo sentido. Así, el Juzgado de lo Mercantil de Barcelona, ahora el número 6, considera justificado que, para combatir la piratería de contenidos audiovisuales, como la retransmisión de fútbol de La Liga, se permita el bloqueo de dominios, en un primer momento, y ahora de IP de sitios web que supuestamente emiten contenido protegido.

El problema es que los sitios web utilizan Cloudflare, por lo que bloquear una IP limita el acceso al sitio web pirata y a todos los demás que comparten la IP con el mismo. Se trata, por tanto, de bloqueos totalmente indiscriminados que tienen graves consecuencias para muchos negocios legítimos y sitios web con contenidos muy diversos. Precisamente Cloudflare, en aras de una mayor privacidad y seguridad, así como para prevenir ataques, introdujo el sistema ECH que impide que se conozca la navegación de los usuarios. Esto significa que La Liga, a través de los operadores, se vio obligada a bloquear el acceso a miles de páginas, muchas de ellas completamente legales y sin contenido pirata. Los servicios de CDN, que sirven para simplificar la entrega y agregar muchos sitios web bajo la misma IP, también se ven afectados.

Así, los días de partido se producen múltiples interrupciones y miles de páginas web y plataformas quedan bloqueadas. Esta situación se ha agravado desde principios de 2025, alcanzando su punto álgido el pasado fin de semana, coincidiendo con el partido entre el Real Madrid y el F.C. Barcelona, *¿¿*momento en que los bloqueos provocaron el cierre de plataformas de pago, portales oficiales de diferentes administraciones públicas e incluso la red social X, además de múltiples webs. Según datos facilitados por algunos de los afectados, ya son más de 15 000 las IP cerradas a petición de la Liga de Fútbol.



Las sentencias judiciales incluyen la salvaguarda de que las medidas adoptadas no puedan involucrar ni causar daños a terceros. Sin embargo, es evidente que, cada vez más, los bloqueos están afectando a todo tipo de empresas, redes de pago e incluso páginas públicas que no pueden funcionar durante el cierre y cuya reputación se ve incluso afectada por la sospecha de difundir contenidos que vulneran derechos. Si bien la defensa de los derechos de propiedad intelectual es legítima, consideramos como mínimo controvertido que esta pueda afectar a negocios legítimos, o incluso vulnerar directamente otros derechos fundamentales como la libertad de expresión o de prensa, claramente coartados con el bloqueo de páginas legítimas sin supervisión judicial expresa y específica.

El BNG considera que el Gobierno estatal debe tomar cartas en el asunto ante el bloqueo reiterado de miles de páginas web porque, de no hacerlo, supone un abandono de sus funciones, dejándolas en manos privadas, que actúan únicamente en beneficio propio y sin control.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué acciones ha iniciado o va a emprender el Gobierno del Estado para evitar el bloqueo reiterado de miles de páginas web de forma indiscriminada por parte de La Liga durante la retransmisión de partidos de fútbol?
2. ¿Es consciente de que estos bloqueos están afectando a miles de páginas legales y legítimas e incluso páginas públicas?
3. ¿Considera adecuado dejar ese control sobre las páginas web, la comunicación y el comercio en internet en manos privadas?
4. ¿Ha realizado alguna valoración o informe sobre el volumen de páginas lícitas afectadas durante los bloqueos? ¿Tiene instrumentos que permitan cuantificar de forma oficial los daños a terceros que se están produciendo por los bloqueos de IP?
5. ¿Está de acuerdo el Gobierno en que con estos bloqueos indiscriminados se está perjudicando a comercios, empresas y páginas que no reproducen contenidos protegidos?
6. ¿Ha analizado el Gobierno el impacto sobre los derechos fundamentales como la libertad de expresión o de prensa que se ven limitados por la actuación de una empresa privada? ¿No cree que se debería actuar y adoptar medidas para evitar esta vulneración de derechos?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Madrid, a 14 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2025 22:40:34

Entrada **68768**

Sobre os bloqueos de páxinas web lexítimas pola Liga

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos bloqueos indiscriminados de páxinas web pola Liga e Movistar.**

Telefónica, a través de Movistar, e La Liga veñen de gañar, en marzo deste ano, un novo litixio sobre o bloqueo de páxinas web executado masivamente para a protección de contidos audiovisuais. Esta nova resolución ven a confirmar outras sentencias anteriores, algunhas delas emitidas xa en 2022 neste mesmo sentido. Así, o Xulgado do Mercantil de Barcelona, agora o número 6, considera xustifico que, para combater a piratería de contidos audiovisuais, como a emisión de La Liga de fútbol, se permita o bloqueo de dominios, nun primeiro momento, agora de IPs de webs que, supostamente, emiten contido protexido.

O problema é que as webs usan Cloudflare, polo que ao bloquear unha IP límitase o acceso á web pirata e a todas as demais que comparten IP con ela. Trátase, por tanto, de bloqueos totalmente indiscriminados que teñen graves consecuencias para moitos negocios e webs lexítimas con moi diferentes contidos. Precisamente Cloudflare, en aras dunha maior privacidade e seguridade, así como para evitar ataques, introduciu o sistema ECH que impide coñecer a navegación das persoas usuarias, isto fai que a Liga, a través das operadoras, se vise obrigada a bloquear o acceso a miles de páxinas, moitas delas completamente lícitas e sen contidos pirata. Tamén vense afectados os servizos de CDN, que serven para simplificar a entrega e que agregan moitos sitios web baixo unha mesma IP.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2025 22:40:34

Entrada **68768**



Así, os días de partido prodúcense múltiples interrupcións e miles de webs e plataformas quedan bloqueadas. Esta situación viuse agravada desde comezos deste 2025, chegando a un punto álxido, na pasada fin de semana coincidindo co partido entre o Real Madrid e o F.C. Barcelona, momento en que os bloqueos provocaron o fechamento de plataformas de pagamento, portais oficiais de distintas administracións públicas e mesmo da rede social X, ademais de múltiples webs. Segundo os datos que achegan algúns dos afectados son xa máis de 15.000 as IP fechadas a petición da Liga de fútbol.

Nas sentencias xudiciais inclúese a salvagarda de que as medidas adoptadas non poden implicar ou provocar danos a terceiros. Porén, resulta evidente que, cada vez máis, os bloqueos están afectado a todo tipo de empresas, redes de pagamento e mesmo páxinas públicas que non poden funcionar durante o fechamento e que mesmo ven afectada a súa reputación pola sospeita de difundir contidos que vulneran dereitos. Aínda que resulta lexítimo a defensa dos dereitos de propiedade intelectual consideramos, no mínimo, controvertido, que este poda afectar a negocios lexítimos, ou mesmo, vulnerar de forma directa outros dereitos fundamentais como os de liberdade de expresión ou de prensa que claramente fican cercenados co bloqueo de páxinas lexítimas sen supervisión xudicial expresa e concreta.

O BNG considera que o Goberno do Estado debe tomar cartas no asunto ante os reiterados bloqueos a millares de páxinas web pois, se non o fixer, implica un abandono das súas funcións deixándoas en mans privadas, as cales obran unicamente no seu propio beneficio e sen control.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Que actuacións ten iniciado ou vai emprender o Goberno do Estado para impedir os reiterados bloqueos a millares de páxinas web de forma indiscriminada por parte de La Liga durante a emisión de partidos de fútbol?



2. É consciente de que estes bloqueos están a afectar a miles de páxinas lícitas e lexítimas e mesmo a páxinas públicas?
3. Considera oportuno deixar ese control sobre as páxinas web, a comunicación e o comercio en internet en mans privadas?
4. Ten realizado algunha valoración ou informe sobre o volume de páxinas lícitas afectadas durante os bloqueos? Ten instrumentos que permitan cuantificar de forma oficial os danos a terceiros que se están a producir polos bloqueos de IP?
5. Comparte o Goberno que con estes bloqueos indiscriminados está a prexudicarse a negocios, empresas e páxinas que non reproducen contidos protexidos?
6. Ten analizado o Goberno a afectación a dereitos fundamentais como o de expresión ou prensa que se ven limitados pola acción dunha empresa privada? Non considera que debe actuar e adoptar medidas que impidan esta vulneración de dereitos?

Madrid, a 14 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso